



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE, SECRETARIO XERAL DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

**C E R T I F I C O:** que o Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día **30 de setembro de 2011**, adoptou o seguinte acordo:

**SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE DON DARÍO FERNÁNDEZ  
PÉREZ, PARA O EXERCICIO DA AVOGACÍA**

Trala deliberación previa a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Recoñecerlle a don Darío Fernández Pérez a compatibilidade entre o seu posto de traballo na Deputación Provincial de Ourense, como auxiliar de oficina adscrito ó Servizo de Vías e Obras, co exercicio da profesión de avogado por conta propia, con suxeición ás seguintes condicións:

- a) O recoñecemento de compatibilidade efectúase exclusivamente para o desenvolvemento de accións profesionais que non teñan ningunha relación coas funcións que desempeña na Deputación Provincial.
- b) O recoñecemento de compatibilidade queda condicionado ó estrito cumprimento, por parte do interesado, da súa xornada e horario de traballo na Institución Provincial.
- c) Para a efectividade do recoñecemento de compatibilidade, o complemento específico percibido polo interesado reducirase ata un 30% das súas retribucións básicas, excluída a antigüidade.

2º.- Deixar sen efecto a partir do día da data o recoñecemento da compatibilidade para o exercicio da profesión de procurador acordada polo Pleno en sesión do 20 de abril de 1985.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o trinta de setembro de dous mil once.

V. e pr.

O PRESIDENTE,